



Tertulias literarias


B

**BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA
FEBREIRO – MARZO 2021**

B

1) Desgracia, de J. M. Coetzee

3 a 17 febreiro



Cando se destapa unha relación cunha alumna, o profesor universitario de 52 anos, David Lurie, nun acto de soberbia, renuncia ao seu posto sen presentar desculpas públicas. Rexeitado, abandona a Cidade do Cabo para visitar a súa filla, que vive nun entorno rural viciado onde asistirá ao derrumbe de todas as súas crenzas. Obra galardoada co Premio Booker.

2) La vegetariana, de Han Kang

17 febreiro a 3 marzo



A historia dunha muller corrente que pola simple decisión de non volver comer carne converte unha vida normal nun perturbador pesadelo. Narrada a tres voces, "La vegetariana" conta o desprendemento progresivo da condición humana de quen decide deixar de ser aquilo que lle obrigan a ser.

3) Escola de menciñeiros, de Álvaro Cunqueiro


3 a 17 de marzo



Libro de saudadores, de estrafalarios, de aluados, de bichería e de soños. Escrito sen excluír unha pinga de grata inqueda, afirma Domingo García-Sabell no limiar. Coma un espello que agacha algo nunca descuberto. A xente de Cunqueiro é a xente de nós, ferida polo mundo, do que cómpre sandar. A primeira edición deste libro é de 1960; desde aquela non deixou de engaiolar lectoras e lectores.

4) El aleph, de Jorge Luis Borges

17 marzo a 14 abril



"El Aleph" é un libro icónico de Jorge Luis Borges, o gran autor arxentino admirado por escritoras e escritores contemporáneos. Os dezaioito contos que integran o volume son un prodixio de puzzles filosóficos, intrigas fantásticas ou policiais e personaxes para gardar na memoria.